

INTERVENCIÓN JUAN MANUEL CASARES NA XIV PREMIOS BACELO DE PRATA

Principio a miña intervención coma sempre: agradecendo á *Asociación Álvaro das Casas* o convite a esta XIV edición dos Premios Bace-lo de Prata; unha cita obrigada para os que cremos que a lingua constitúe a esencia do noso ser como pobo diferenciado.

Grazas a todas as entidades que conforman o colectivo “GaleguizarGalicia” polo traballo que desenvolven a prol do uso do idioma do noso país en todos os dos eidos da vida social.

Coma galego consciente sinto unha mestura equilibrada de orgullo e tranquilidade ao saber que os que nos atopamos aquí somos a conciencia na que alenta unha esperanza de vida para a nosa identidade.

Amigos, hoxe entregamos galardóns a dúas adegas polo seu compromiso co idioma galego a través da etiquetaxe e a publicidade dos produtos.

Terras de Bendaña da D.O. Ribeira Sacra, a miña patria familiar, e Adegas Celme da D.O. Ribeiro, á que me liga non só a representación institucional senón tamén esa sorte de irracionalidade alcumada Paixón.

Quero darlle os meus parabéns aos seus representantes, mais tamén as grazas. Grazas por lembrarme con cada botella porqué un día decidín seguir o meu instinto moral e ser un galeguista militante.

Grazas xa que cada etiqueta que comercializades en galego actúa coma o Mapa de Fontán para o mozo Adrian Solovio: representa unha visión da esencia de Galicia, debuxa unha postal da necesaria autoidentificación coa nosa terra e constitúe a constatación de que algúns hai tempo que deixamos de dar voltas arredor de nós.

Amigos, eu afirmo que Galicia é, e malia a xenreira na que algúns aínda teiman, endexamais deixará de ser. Ese é o meu convencemento, esa é a miña verdade absoluta.

A cultura define a nosa identidade, a tradición consérvaa e a lingua exteriorízaa. Polo tanto cada vez que usamos o noso idioma afirmamos esa

identidade propia, contribuímos á súa conservación e, coma corolario, construímos un galeguismo que se afirma ao longo do tempo. A lingua é a nosa maior achega á cultura universal, un agasallo orixinal ao tesouro da biodiversidade humana e non debemos permitir que desapareza.

Amigos, sempre defendín que o máis importante, o fundamental para todos os galegos conscientes de seu, é a crenza nunha idea con rango de universalidade: Galicia. Porén é un labor de todos, “Non é cada individualización da póla un adxectivarse do tronco” como dixo o Patriarca Otero do meu venerado Florentino Cuevillas. Non importa cando, non importa quen, non importa onde. Importa construímos un galeguismo integral; isto é, de todos, para todos e que abranga todo o noso.

Eu concíboo coma un paso inicial imprescindible para ofertar a nosa creación cultural ao mundo. E se isto se entende así, estaremos todos, os de aquí e os de acolá, preparados para planear moito mellor o modelo de convivencia en paz nun mundo a cada paso máis devorador de culturas e identidades.

E se isto se entende así, posiblemente todos renaceremos cada día máis orgullosos de sermos galegos.

Moitas grazas (15/10/2022)